



1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts.

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

América 2 pts. trimestre

Número 9

Redacción =

e administración:

CANTÓN GRANDE

= 16, BAIXO =

A CRUÑA

6 FEBREIRO

BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia o nas colonias gallegas d'América e Portugal

LUGO-CRUÑA-MONFORTE-VILALBA

UNHA XORNADA GRORIOSA E PATRIOTICA

GALICIA POL-A VEZ PRIMEIRA FALA C'OA SUA LINGUA

A data do 28 de xaneiro, ten que sere d'inesquecente lembranza para nos. N'ela, por vez primeira, dende que na Frouseira fináranse as liberdades gallegas, o soño grande e bendito de facere de Galicia, nosa patria, escrava, pro non morta, unha nazonalidade con persoalidá propia, natural e hestórica, que se nimbou de groria e puxanza no século d'ouro de Xelmírez, até ela non se volver a erguer con xeito conscente a bandeira da nosa sagra redención.

Un fato d'homos de boa vountade, acugulados de espírito de sacrificio, de espírito rebelde, de espírito cidadán, conoedores dos seus deberes e dos seus dereitos; un fato de mozos que teñen por capitás ós veteranos do enxebrismo, Lugris e Banet Fontenla, fixeron o milagre, levando coma lus da súa inspiración o xenio poético de Cabanillas e de Pondal, os dous vates da raza, e o xenio musical do pobo aprisionado por Veiga na cadea perpetua do pentágrama.

Unha xornada compretá; unha xornada groriosa. Xornada de sementadores do ideal bendito da redención gallega. Xornada de sol, de xuventude, de patriotismo, d'altruismo. Primeira saída d'uns novos Quixotes.

A SAIDA DA CRUÑA

As nove da mañán—mañanciña d'ouro y azul, mañán domingueira do mes de xaneiro—axuntáronse na estación da Cruña para coller o tren até Lugo os membros do Comité d'aición galleguista da Hirmandade da Fala, señores Mariñas (D. Xenaro); Carball Lafourcade; Somoza (D. Alfredo e don Lois); Parga (D. Xorxe); Freire (D. Miguel); Peña Novo (D. Lois); Tettamancy (D. Francisco); Lugris (D. Manoel); Villar Ponte (D. Antón e D. Ramón), e algúns mais.

Iban ledos, porque cinguia as suas testas a coroa do deber, porque aloumiñaba as suas almas a mán branca e maina do Ideal. Levaban por armas pensamentos, folletos e follas imprentadas. Espallar istas follas, istos folletos, istas idéas era o ouxeto do viaxe. Non pidian nada como non fose amor para a patria dormida con soño d'ergástula no cadaleito da renunciación suicida e cobarde; en troques dábanno todo: entusiasmo, sacrificio e traballo. ¡Todo por Galicia!

Eran os primeiros gallegos que sin vergoña, dinantes ben, con fondo orguló, amostraban unha Galicia redimida integralmente nos seus corazóns puros, non lixados pol-a cobiza do medo persoal, ós ollos dos gallegos sen conciencia, dos gallegos labercos e dos gallegos soyo gallegos por habere nacido en Galicia.

Aqueles bos hirmáns, aqueles hirmáns exemprares, héroes d'un novo capítulo da nosa Hestoria que agora comenza "a continuarse"—non sen tempo!—dinantes d'arrincare o tren da estación da Cruña, adicáronse a donar follas imprentadas, coma propaganda, con seriedade civica, antre todol-os que s'achaban no andén. Semellaban catalanistas n'un pobo catalán.

En todas as estacións do camiño fixeron a mesma labore. Pódese asegurar que en cantos fogares eisten nas aldeas e pobos dos rentes da vía de ferro, o 28 léronse versos gallegos d'alaudo ó noso idioma feitos polos millores poetas e pensamentos amostrativos da necesidade de creare unha forte conciencia rexional.

EN LUGO. HOMENAXE A MONTES

Na estación de Lugo, axuntáronse c'os hirmáns cruñeses, outros da cidade do Sacra-

mento, os representantes de Vilalba, antre os que iba D. Xermán Orosa, rapaz de moita valía y os de Monforte, levando ó seu frente a Banet Fontenla, mestre e caudillo, y-ó novo e culto letrado Sr. Arias.

En fato apreixo, cheos d'entusiasmo, dirixíronse todos á praza de Santo Domingo onde s'atopa a estatua de Montes. Foi un momento solene, que non poderá esquecerse xamais. D. Manoel Lugris, con voz forte, varil, descuberto coma cantos o escoitaban, dirixeu un saúdo de lembranza, latexante d'amore, ó insine autor da "Negra Sombra". Dixo que a negra sombra que envolve ás almas y á terra gallegas, hai que esnaquizala supetamente, si Galicia quere ser libre.

Foron acollidas as suas verbas c'unha sinxela ovación, ó mesmo tempo que todol-os hirmáns da Fala, ceibaban feixiños de frores sóbor da estatua do gran mestre lugués, que encerrou no pentágrama, xenialmente, o sentir y-o querer da y-alma gallega.

O PRIMEIRO MITIN GALLEGUISTA

As tres e media da tarde escomenzou o mitin no teatro "Lugo-Salón", xenerosamente emprestado para o auto pol-a empresa do mesmo.

Ergueuse o teón, e trail-a táboa presidencial cuberta c'o a bandeira gallega, sentáronse o Sr. Lugris Freire quen tiña á sua dereita ó Sr. Banet Fontenla, notario de Monforte e doctor en Dereito; o brillante xornalista director da "Idea Moderna" señor Vega Blanco, de Lugo, y-o Sr. Orosa de Vilalba; y-a esquerda os Sres. Villar Ponte, Tettamancy, notabre esquirtor, Peña Novo, Correa Calderón e D. Marcial Neira, representante dos Amigos da Fala d'Ourense.

N'outros asentos do escenario achábanse os demais irmáns cruñeses, luguenses, montfortinos e vilalbeses.

CORREA CALDERÓN

Decrarado aberto o auto, adiantouse até o proscenio o Sr. Correa Calderón. E iste un rapaciño simpático de fitar intelixente, de corpo miúdo, cheo de bondade. Pertencese á redacción da "Idea Moderna", que foi a primeira tribuna de cuáseque todolos literatos gallegos que oxe teñen renome. Correa Calderón esquirebe a cotío n'aquel xornal páxiñas fermosas. E unha lexítima esperanza. Tiñan, pois, que sere tamén notables as cuartillas que léu no mitín coma agora veredes. Logo de recoller unha chea d'aprausos xustos, dixo:

Meus señores:

Veño aquí, coma un humildeiro troveiro d'aqueles que iban pelegrinando d'a Provenza a Santiago, pra cantar una viva loubanza cálida a Nosa Señora Galicia.

Eino de Tacer probeamente, porque nin as miñas palabras han de ser estrelas froridas, nin cántigas de reiseñor...

Só me redime, o que vos fale n-a agarimosiña fala galaica.

N'aquela fala feiteira, que, por sela máis doce foi elixida pol-os troveiros pra compoñer n'ela os seus versos cheos de sentimento... N'a que cantará ó úneco Rei Sabio, os milagres d'a Virxen Santa María. N'esa fala n'a que Rosalía de Castro, chorara rimas... N'a que Curros escribira a "Cántiga" o "Nocturno" e a "Virxen d'o Cristal". N'a que Lamas dixera unhos versos sentidos é doridos...

N'ese linguaxe qu'e museda e melonía tod'il; qu'e como dixera a nosa santiña Rosalía:

mimosa, soave,
sentida, queixosa,
encanta si rie,
conmóve si chora...

Qu'e com'o perfume d'unha frol, com'un felizo, com'un cantar lexano...

Xa o cantara un poeta d'hoxe, o insine Noriega Varela:

O gallego é un suspiño,
je a cousa mais meiga qu'hai!
é o linguaxe amorosiño
en que oin decir "filliño"
de labios d'a miña nay...

Si; o gallego é un suspiño muy baixo, é com'o bruar d'os pinales, cheos de lua, cand'os bic'ó vento mainiño...

Si; o gallego parés feito, como dix'o poeta, pra que nosa nai, cando nos arrulaba n'o berce, pequeniño com'un niño de pombals, ou nos tiña n-o colo, dixese soavemente "filliño" ó mesmo tempo que pousaba un bic'ó n'as nosas meixelas roibas...

O gallego, parés feito pra decirlle a unha rapaciña branca a quen se quere ben, istas palabriñas cheas de mel:

—Xoiña... Mórron'o mirar os teus ollos mouros... ña xoiña...

O gallego cando quere decir cousas tenriñas e cando quere chegar a y'alma, é unha fala de feitizo...

E mansiño e soave com'un regato calado... Mais tamén é grande e fero com'o mar...

Védeo n'os versos de Curros. Védeo n'os versos de Ramón Cabanillas, o céltico bardo de "Vento Mareiro".

O gallego é com'un tesouro d'"As Mil e unha Noites". Hay n'il palabriñas pra s'espriar as almas coitadas d'amor... E ten aquelas outras astrevidas e feras pra decir unha herexia, ou falarlles os caciques con iras santas...

"Non morrerás, céltica musa" Ben'o dixen

ra n'aquel admirable apóstrofe, o gran poeta d'a "Cántiga".

E inmortal, cal'o nome de Rosalía é cal'a museda d'a gaita, que tampouco morrerá mentras haxa un gallego qu'alá n'a outra banda, chore ó conxuro d'o seu enbruxamento...

Mentras haxa un gallego que sinta, porqu'a gaita é algo muy noso, algo así com'a queixume perene de Suevia...

Recordo qu'unha noite, soaba a gaita lexanamente. Oin quedeiño pra saber si cantaba ou choraba. Mais, despóis d'irme entrando pol-a y'alma a museda d'aquel alalá cheo de saudade e de pena dixen c'oa poetisa:

non canta, que chora...

Y'asi é. N'alguns momentos é a gaita toda tristuras, prantos e suspiños...

Chora c'os gallegos que foron buscando o pan de cada día e que non poden volverse de mais alá d'o mar azul...

O seu choro é com'o pranto d'unha nai, chea de tristura pol-os seus filliños malpocados...

Por iso, a museda d'a gaita, rima ben c'oas penas d'os emigrantes, qu'a queren ouir cando lonxe, lonxe sinten'a morriña d'os prados froridos d'esmeraldas, d'os agros roibos de pan, d'os olliños mansos d'as suas mulleres, mouros, mouriños como penas...

A gaita non enmudecerá, nin morrerá o noso linguaxe, mentras haxa un gallego, que, coma min, anda que son rapaz, leve n-a y'alma a lumeira perene d'un santo amor a Galicia...

Non poden morrer nin as melonías célticas d'a gaita, nin as melonías d'a nosa fala, porque xa os bos gallegos de curazón despertaron e camiñan pol-as vilas com'apóstoles d'un credo novo, pra bautizar os oyentes c'o seu Ideal...

Védeos. Xa chegaron hastra vos. Eles falaránvos con d'itos cálidos e vibrantes, pra que d'a cinza d'as vosas almas resurxa ó Fénix d'o Patriotismo.

Eu non son outra cousa qu'un rapaz embruxado de Belleza, d'optimismo e d'ansia de ser, e que hoxe fai de paxe humildeiro, pra-nunciárvos a istos muy altos señores...

Védeos, Son Villar Ponte, o entuseasta caudillo d'ista nova cruzada santa; Lugris, o grorioso y'enxebre contista, poeta e dramaturgo, tamén o "primeiro orador en gallego", que dixen Ribalta; Banet Fontela, o mestre do anxebrismo, ilustre xurisculto; Peña Novo, o gran tribuno da xuventude, que xurde; Carballeda, o mozo rebelde, de corazón malado.....

Védeos. Son'os apóstoles d'o novo credo. ¡Que soen as campás a Resurrección!

Qu'en canto se fale o gallego en Galicia, a nosa terriña recobrára a sua y'alma, porque non rima ben, ningunha lingua extraxeira c'os nosos paisaxes enloitados de bruma, c'os nosos vales froridos de sol, c'as nosas rías espelleantes e meigas, c'as nosas arboredas cheas d'armunía, si non e o gallego, que ten o meigallo d'un non sei qu'e, pr'aquelles que queremos a Galicia com'a unha nai coitada é sin ventura... Dixen.

VILLAR PONTE

Escomezou raendo o localismo abafante que magoa a Galicia. Dixo que os "Amigos da Fala" non representan á Cruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago ou Vigo, senon á tod'a patria gallega que é mais que iso.

Dixo que pol-a vez primeira se facia política gallega en Galicia, e que os da "Hirmandade" tiñan que avergoñarse de que n'unha soya ocasión predicárase no castelán o rexionalismo, ¡por mor de que levaba un Goberno unha Capitanía xeneral da Cruña!

Amostrou por qué temos d'empregar o noso idioma, xa pol-a sua esencialidá xa por comenencias de táctica, seleccionadora dos falsos rexionalistas.

Dixo que debe opoñerse ó eterno rexionalismo ortodoxo de folk-loore, o rexionalismo heterodoxo e en prosa, o rexionalismo coma negocio material e espiritual, coma redención dunha patria escrava.

"Si Galicia—falo—é a Cincenta d'España, Lugo é a Cincenta de Galicia", cando tanto está chamado a ser coma capital xeográfica da nosa terra. O centralismo a Lugo soyo lle deu algunha charanga militar, algún edificio, algunhas credenciás. Outra cousa, non, coma non fose o facelo "campo d'esperimentación do cuneirismo español." E n'oustante, Lugo ten rúas con nomes de grandes caciques, de grandes políticos alleos, e ningunha que se chame de Rosalía, de Curros, de Veiga, ¡nin siquiera de Pastor Díaz, do insine fillo da provincia a quen Pontevedra honrou fai moito tempo, facendo o que Lugo non fixo aínda!

Fieou esixindo respeto para os hirmáns da fala, a únece-xente altruista, que evangeliza sacrificándose, na nosa terra.

(Pensamos) publicar com'preto iste discurso, cheo de lóxica, feito a concencia, n' outro número do noso boletín).

PENA NOVO

Iste rapaz, vilalbés, que áchase de pasante no gabado bufete do Sr. Durán García da Cruña, foi unha revelación, unha sorpresa pra todos. Sabiamos que falaba ben; pra non o tiñamos por un gran orador. Y-o é; de corpo inteiro. Pol-a forma e pol-o fondo. De verba ceiba, de xeitos naturais, d'imáxenes galanas. Domiña ademais o idioma gallego perfectamente. O seu trunfo foi o da nosa propaganda, pois coma dixen moi ben un xornal lugués, c'o a pruma d'un home dos de maor talento e sinificación política n'aquela cidade, o Sr. Tapia, logo d'ouvi-lo xa non se pode dicire que o gallego non sirva pra producir os grandes efectos oratorios que son os rexistros mais poderosos pra mover as almas. Nin a pintura nin a poesía nin a museda arrastran as masas coma a palabra, e véuse xa que a palabra gallega ten todolos recursos fondos de cordialidade e beleza que chegan ó vivo dos sentimentos.

Peña Novo, apraudidísimo moitas veces ó longo do seu discurso, fixo unha glosa admirabile dos conceptos vertidos por Rodrigo Sanz, n'un artigo que publicamos no número pasado do noso boletín. Tronou contra as causas que obrigan a Galicia a pagar ó ano catro millóns de pesos pol-o dereito de poder comere pan de milló ou de centeo. Amostrou como a nosa terra non poderá progresar namentras estea en pé isa bárbara alcabala. Concluyeu dicindo que soyo falando en gallego nos entenderemos os gallegos pra podernos facer entender dos estranos.

CARBALLAL LAFORCADE

Mestre de primeiro ensino, esquitror corrente, docto en contabilidade y-en mecanografía, bohemio, honrado, sempre rebelde, probe d'agarimos de fogar, probe de cartos, pro cheo de corazón e de bondade, dino d'un releve que anda non conquiere na Cruña pol-a falla d'atención das xentes, pronunciou unha oración de xeito nazonalista, fera e dura, que de sentila cen mozos en cada capital de Galicia, xa nos poñería no víspera do éisito da nosa causa.

Carballal que, coma orador debutou en Lugo, chegará axiña a sere un novo tribuno da fala gallega, pois conócea ben, usando millor. Dixo verdades coma puños. Foi moi gabado.

BANET FONTENLA

Banet xa é coñecido en toda Galicia; é un dos poucos gallegos galleguistas de sempre. O seu prestixio, a súa autoridade, o seu talento e a súa cultura non precisan d'oubar-se agora. Tampouco é necesario dicir canto val coma orador grande e composito e coma mestre castizo e esgrevio do noso idioma, que nos seus labios d'home honrado, bon e modesto, adquire tod'a dozura e a riqueza do italiano. Banet, o gran mestre Banet, resulta o millor argumento vivo e latexante pra esnaquizar ós ridículos, desleigados, trabucados ou imbéciles que din que a fala do Rei Sabio non serve senon pra contar contos.

A verba de Banet é quente, forte, repousada, varil. Banet é orador feito e dereito. Orador d'unha talla que cuáseque non coñecemos en Galicia. O gallego nos seus labios aristocratizase e crarifícase en senso académico. E n'iste gallego espicou a necesidade que ten a nosa terra d'unha fonda conciencia nazonalista colectiva.

O Sr. Banet, por quen sentimos admiración sinxela e cordial-agarimo, foi ouxeto ó ficar o seu fermoso discurso d'unha ovación longa, ruidosa, xustísima.

LUGRIS FREIRE

O poeta, o dramaturgo, o contista, que recita ben, que lê ben, e que, como dixó fai poucas datas Aurelio Ribalta ó "o primeiro orador en gallego" O pai de "Noitebras" e "Soedades"—libros en verso;—de "Minia", "A Ponte", "Mareiras" y "O Pazo"—obras de teatro;—O "Asieumedre" dos contos. Un dos tribunos da gloriosa Solidaridade gallega. O republicano dos mitins, das conferencias. Bon fillo de Sada, d'aquela terra meiga, d'aquela fermosa vila mariñán, que él canta sempre, en todol-os seus traballos con agarimo fonda, sin que Sada tivera pra él aínda mais que ingrato esquecemento.

Lugris, enxebriño en carne viva, todo pasión gallega, todo acceso de forte galleguismo, de xeito celta e varil, "mareira" vivente que zoa ruxidora rompendo as suas carraxes, feitas ondas d'elocuencia natural, espontánea, contra todol-os baixos, d'a inxusticia, do cunearismo, do desleigamento, foi en Lugo o apóstol de sempre, apóstol d'alma de neno e de miolo d'home con nache grande.

Lugris domiña ó público c'o a tralla do seu talento. Sua voz forte é trono que xenera os lóstregos d'un inxenio supeto, alumeador do enxebriño que l'enche o peito. Suas mans robustas, cando petan sóbor da táboa da tribuna, tamén sirven d'argumentos. D'argumentos lle sirven o mesmo os ferros escintileos das gafas que alongan o fitar canso dos seus ollos azules. A veces lembran as suas verbas, campás tanguendo a rebato, chamando a somatén.

Naipe poderá dubidar, pois, que conquere ós ouventes lugueses, coma conquereu adoito, ós de tódal-as partes.

Lugris non é o método, porque é mais qu'iso: semella a desarmonía aparente da armoñosa natureza. Soy o fin, o do enxebriño no seo da liberdade; pra chegar a isto, todol-os medios bós. Vota man do humorismo pra levarnos á moralexá grave;ponse grave pra concurir con Nietzsche que non c'o a carraxe senon c'o a risa se mata.

Feliz estivo cando falou do por qué escollérase a Lugo coma o primeiro pobo para a propaganda. Lugo foi manteñedor dos seus foros dende o tempo mais antigo. Lugo detivo a invasión moura, na batalla de Santa Cristina. Lugo famoso hestóricamente pol-o seu Concilio, afinador da fe católica, de onde veu o privilexio do manifesto contino do Sacramento, sol d'ouro que alumea o es-

cudo de Galicia. Lugo o da Xunta rexionalista autónoma...

As suas censuras contra aqueles que s'avergoñan de falar o gallego y-os seus argumentos pra esnaquizar os das xentes que din que no noso idioma non se pode espresare o pensamento moderno, foron maxistrales.

N'un conto persa cheo de gracia amostrador d'unha alma de poeta, plastificou a súa doutrina, antre aprausos.

Tronou, ruxindo, contra os gallegos que se fixeron ricos na América, e que non teñen de gallegos mais que a fe de bautismo, posto que cando voltan á península, esquecen a Galicia pra empregar seus cartos en negocios fora da terra.

Falou da Asambleia das nazonalidades de Berna, pra amostar, en senso democrático, que somentes pol-o rexionalismo-nazonalista pódese chegar á arelada paz universal.

O mestre Lugris foi ouxeto de longas ovacións.

A DIOS ROGANDO E C'O MAZO DANDO

Acordouse pol-o derradeiro, antre o entusiasmo dos ouventes, que apraudian erguidos dos escanos, dirixirle un telefonema en gallego ó xefe do Goberno pidindo seu apoio para o ferrocarril de Lugo a Ribadeo, por Mondoñedo Vilalba.

Tamén se lle dirixiron saudos telefónicos a Lliga Rexionalista de Cataluña y a D. Rodrigo Sánz.

A DESPEDIDA

A hora do serán, baixaron á estación de Lugo, pra despedire ós propagandistas da Cruña, os representantes de Monforte e Vilalba, e moitos amigos sinificados da cibdade do Sacramento. Xa os hirmáns cruñeses no tren, entoaron o Hino Gallego, con voces fortes e variles, cheas d'entusiasmo, tremantes de fe. Todos descubertos, todos ergueitos. Un relixioso instante que fixo escintilear comenzo de bágoas nos ollos de moitos.

O arrincar o tren, vivas a Lugo, a Galicia pol-os cruñeses. Un viva cordial, garimoso, cangado d'un berro fonda, dos lugueses, á Cruña gallega, non á Cruña "cruñesista".

Logo a Nosa Señora de ferro deixou a Lugo, o pobo de rúas modernas, de prazas lelas, d'horizontes libres, de homes fidalgos e mulleres fermosas y-elegantes.

Xa n'hai dúbida: Lugo, a xuventude de Lugo, peiterá pol-o santo galleguismo. ¡Viva Lugo! ¡Terra a nosa!!...

Pra D. Xulio Núñez, pra D. Marcial Neira, pra D. Nilo Fernández Castro, pra Correa Calderón, xa dos nosos, pra D. Xesús Cora, pra o notabre museco Sr. Marti, que nos obsequiou c'unha peza gallega no piano do gran pazo do Circo das Artes, pra o ilustre D. Emilio Tapia, leader acceso do xusto preito do ferrocarril Lugo-Ribadeo, e pra Vega Blanco, o xornalista de fondo miolo e de corazón grande, mais que amigo hirmán xeneroso e nobre, pra o Sr. Menéndez, pra o señor Varela Lenzano..., pra todos, unha soya verba: ¡gracias! Gracias tamén pra o culto boletín "A Razón" que nos adicou iste sentido saudo:

Os heraldos d'a nosa fala

Pol-as portas que, en tempos mellores, nosos páis regresaban muy ledos despois de reñer as batallas en defensa d'os pobos gallegos, hoxe chegan, tamen animosos, unhos homes, de craro talento, que souperon entablar a pelea e defenden a lingua con xeito.

Eles querén, que en toda Galicia non se fale mais qu'o gallego, nos debemos prestarlles axuda, pois é nobre e gallardo o empeño.

Ven veñades, valentes paisanos, eiqui estamos, c'os brazos abertos pra apertarvos con todo o cariño que pra vos abrigamos no peito, e dispostos, cal vos nos digades, os de Lugo, tamen loitaremos pra qu'a fala, d'a nosa terraña seña sempre a que todos falemos.

P. REY VARELA

Xaneiro 28 1917.

Gracias a todol-os xornales, no nome da patria gallega, que inda alguen sen decatarse de que isto é un aldraxe inconsciente, a negación do noso evanxelio sagro, chamoulle "patria chica".

Y-unha advertencia ó reporter A do "Progreso".

"Los de la fala", quirido compañeiro, pesi-as risiñas decadentes propias da androxinia de que sen decatarse vostede y-outros señoritos mais fan feira, fallos d'alma, porque lla furtou Castela; "los de la fala"—qué pouco senso da eufonia, qué cativo gusto!—son a sesta parte da poboación gallega, tod'a Galicia traballadora e viva para o caso; "los de la fala" somol-os que fermamos pol-o xurdimento da hexemonía do noso idioma que empregan aínda mais de trinta millóns d'almas no mundo; "los de la fala" somos os que sabemos que Eca de Queiros poido n'ela esquirbir a prosa mais xenial e mais europea da península ibérica; "los de la fala" somos os que cuidamos que pobo que perde o seu idioma perde a súa y-alma e morre escravo do pobo que lle impuxo outra allea; "los de la fala" son todol-os traballadores gallegos, somos nos, os hirmáns das primeiras cibdades da terra, na xuntanza d'istes "cativos" que se chaman Sanz, André, Ribalta, Carballeira, Fernández Flórez, Castela, Cabanillas, Porteiro, Cabeza León, Xil Casares, Taibo, Bidegain, Comellas, Lago González, Tapia, etc., etc.

"Los de la fala" somos, pol-o derradeiro, os que non dicimos a parvada moi de cravo pasado, envolvementa na cativa pregunta de si un idioma que serve para a poesía non ten forzosamente que prestarse millor para a prosa.

Perdónalles ¡ou Rosalía! ós rapaces "del habla entallada" adquirida coma os traxes dos probes emigrantes en bazares de roupa feita.

Pra eles esquirbeu Pondal a segunda estrofa do seu hino, a que di: "Os bos e xenerosos", etc.

Son habitantes *en vivo* do limbo do centralismo. Monteiristas sen monteira.

XA QUE SE QUERE...

Falando en prata dos "Muros d'ouro"

"As piores comedias miñas son aquelas que conqueriron grande éxito nos primeiros momentos.—Benavente."

A propósito da comedia de Fernández Mato "Muros de oro", veñen falando os xornaes do teatro gallego, do enxebriño, e outra chea de cousas que lles fan dicir algunhas burradas.

Si Fernández Mato escribiu a súa comedia en castelá por parecece pouco para a súa gloria a sona que poidera abranguer facen-

do a soilo para os gallegos, é cousa na que non quero meterme. Pero que digan que é máis gallego quen aldraxa a súa terra despreiciando as costumes, a fala e demais características do seu pobo, eso non pode sancionalo co silencio.

Non comprendo que haxa quen diga que, por exemplo: unha festa gallega está mellor representada por guitarras, canto andalús e sevillanas, do que pol-a gaita, alalás, foliadas e muñeiras. E a tanto equíval o seguinte párrafo de "O Noroeste": "Fernández Mato ha sabido huir del peligro (o perigo do enxebriño) y hacer una comedia gallega, cuyos personajes hablan en castellano y se mueven naturalmente (¿se falaran en gallego, movíanse d'outro xeito), sin el embarazo de esos trajes—que casi nunca se acercan a la realidad y casi siempre convierten en máscaras a los actores (xa estou vendo o Polichinela dos "Intereses creados" vestido de levi) con los cuales nos hemos empeñado en vestir a los arquetipos de la literatura gallega (este non viu na súa vida unha obra gallega).

Poida que pra o que tal escribiu a "Terra baixa" de Guimerá tivera máis valía se non fose como é unha produción rexional; poida que atopara nela máis beleza, máis realidade, máis ambiente catalán, se o "Menelic" vistise de chulo...

En aventuro a que os que d'este xeito pensan non son capaces de facer un drama coma "Mareiras", do noso probe teatro gallego, tan rebaixado soitamente pol-os que foron nados n-esta terra.

Os anti-enxebriños, óu mellor deciremos, os catalanistas gallegos, adoitan ser xeneralmente aqueles que negan a súa patria cando ouven falar d'ela con noxo, con inxustiza; cando ouven empregar o nome honroso de gallego co'a tención d'aldraxar.

Nos, os Amigos da Fala, somos moi cursis; nos queremos espertar nos gallegos a conciencia da raza forte, potente, e falámoslles na nosa lingua, no noso dialeito (como din os castellanistas gallegos) e traballaremos con todas as nosas enerxias pra facer festas en que a leda gaita, as cantigas, a fala, os bailes, todo en fin, sexa do máis esgrevio, do máis enxebre galleguismo.

L. DE SERGUDE



Trail-o que se di n'este artigo, e que nos parece pouco, inda con ser moi atinado, pétanos escribir algo máis.

Ero dinantes de facelo desexamos que nosos lectores se dian conta de que hai gallegos dinos de sere-escravos pol-a súa inconsciencia, coma o autor das verbas d'"O Noroeste" a que se refire L. de Sergude. Aquil coitadiño autore faille un fraco servicio a Fernández Mato, cando intenta loubar "Muros de oro".

Véxase:

"No hay en la comedia palabras de relumbión, hechas para lograr el fácil aplauso de la galería; ni hondas pasiones, ni complicados problemas, ni profundas filosofías, ni caracteres extrahumanos, ni mujeres sensibles o extrañamente heroicas, sino únicamente sencillez y sobre todo una grande y conmovedora dulzura."

Pois se non hai nada d'iso ¿o ouro non se trocá en *doublée*? Nin fondas pasións, nin enguedellados problemas, nin profundas filosofías, nin caracteres extrahumanos, nin mulleres sensíbeis ou heroicas (soyo istas dúas notas se dan no eterno femenino; se únicamente hai dulzura grande ¿qué queda en pe? Un pastel de cabelo d'ánxel? Porque o teatro inmortal, percisamente foi e será adoito, o que leva nas súas escenas, canto para gabar a Fernández Mato, di o

artigoalista d'"Noroeste" que non ten "Muros de Oro".

Y un homeño que iñora onde escomenza o subprime e fica o ridículo, érguese pra domotizare sôbor do enxebriño? Iso non é outra cousa que "verborreísmo".

Sere moi gallego non enxerguendo o *dialeito*—pobres de nos que na xuntanza de Menéndez Pelayo, Menéndez Pidal, Saiz Armesto, Cotarelo e outros "congrios" coidábase que o gallego era un idioma!—é sere do xeito dos véxetas y-animaes nados en Galicia.

Poderáse ser artista, desconocendo o gallego, pro gallego, capaz de sentire a patria natural até poñela ó son da propia alma, non. Y-os que non sintan iste galleguismo, galleguismo evanxelizante, de sacrificio, ficarán sempre escravos da hexemonia de Castela, lousa de promo que estoxa o noso xurdimento económico y-espiritual; serán de cote, instrumentos inconscientes dos que engrilloan a Galicia.

O teatro gallego en castelán, fará, sempre, dos que n'él trunfen — a esceución non abonda — arribistas de sona, conterráneos desleigados, que na Babilonia de nazóns—Madri—perderánse coma forzas pasionais para a santa causa patria. Porque si n'iste punto é intransixente o catalanismo, máis aínda terá que selo o galleguismo. Pois nos non contamos c'unha gran urbe,—coma conta Cataluña con Barcelona — verdadeira laguna Estixia pra adequirir a invulnerabilidade contra as tentacións da fama centralista. ¿Cantos dos nosos gabados na Meseta deixaron de treicionarnos? Literatos e políticos "a secas" ningún, agás Flórez.

Quizais por isto, máis que ire a un teatro gallego d'enxebriño, coidamos que Galicia ten de ire a un teatro universal escrito no noso idioma pois soyo eisi cando leve a pouta do xenio dentro, salvará as fronteiras—coma o catalán—pra gloria da patria. Verdader, Guimerá, Maragall e Ignacio Iglesias non serían "universales" se non saíran dos cadros de costumes, das postales en acción pra fomento do turismo. ¿Vedes craro?

Querer que non se leve o gallego ó teatro, equíval a deixar fora d'el a sesta parte da poboación de Galicia, que fala no noso idioma. E facer teatro gallego, sen alma gallega. Prato de lebre, sen lebre. ¡A ver quen "pode" con iste argumento!...

O DOMINGO QUE VEN

Un mitin galleguista no Ferrol

O día onxe, terá efecto no Ferrol un mitin de propaganda organizado pol-o comité d'acción galleguista da Hirmandade da Fala da...

N'el tomarán parte varios oradores, entre outros, un ferrolán, Carballal, Villar Ponte, Peña Novo, Niebla, e Lugris Freire.

O notabre coro "Toros e froles" cantará os himnos gallegos de Pondal e Veiga e de Brañas e Taibo.

Prégase a cantos hirmáns da fala poidan acompañar ós oradores, que o fagan. Sairán da Cruña ás nove da mañán pra voltare pol-a tarde.

O auto, sen dúbida, será moi solene e froitífero.

Logo, farásse outro en Santiago.

E pénsase n'unha gran asemblea de todos os grupos da Hirmandade que hai en Galicia.

A reseña do mitin de Lugo, y-a xusta campaña en favor dos alumnos da Escola Industrial de Vigo, obríganos a retirar orixinales d'intrés que saíran no número que ven.

A M Á M O A ...

Preteño d'a coroa d'o Castrillón, que s'ergue cal celta vixilante d'a ría feticheira, en frente d'o garrido e forte Montefaro, contemplo a vella mámoa cenguida pol-as edras

Non fúchedes, petoutos, n'o sítio qu'ocupades, postos asina, en roda, por man d'a Natreza; pois vin os vosos leitos con reboas asentados e foron racheadas con arte as vosas fendas,

¿Quén foi aquel que soupo erguervos d'a calus d'outros; seisos fortes, coitando non ohubera n'o mundo, xentes tales qu'a profanar chegaran os esos, que furtáchedes ás cobizosas feras?

¿O mestre aquel, vos puxo, a forza de traballo d'o xeito en que vos miro...! Coidaba fora

sua obra, cal coidaron aqueles qu'as Pirámides ergueron, mail-a Esfinxe calada, qu'as contempra...

¿Quén foi, o grande home tantos sigros dormente baix'os petoutos, mámoa, qué silvas mouras, e qu'o loureiro cubre d'arrecendentes polas, cicacs coróndoo por suas sazañas bélicas?

Pode que n'esa laxa tendida, e ben covada, n'a veira tua posta fixéranll'as ofrendas d'o saggue, qu'as coitadas quen asañadas loitas priacioneiras caíran d'os fillos d'ista terra.

Cicáis, n'esa ara tosca, e primitiva, e crúa, qu'o sol doupa n'as suas rayolas derradeiras, caeron, babixo e duro coitelo d'o druida, marifeiros feticheiros, lexionarios de César.

¿Quén sabe, a cantas coitas serviches de conculoso?

¿quén sabe cantas preces o teu redor s'erguerun, ¡ou mámoa! que debiches ser n'aqueles tempos lugar seguro e santo, pr'os homes d'outras épocas

¿Ou raza terca e firme, de fortes e de bravos, que tes, d'os seisos monstros d'as mámoas, a dureza!:

berdiches, d'as tuas forzas inxentes a concencia?

¿Non sabes o que fixo n'a Reconquista nosa o esforzo d'os teus nados?... N'os viches n'as Américas

facer ises portentos que danlle honor á pátrua e a máis d'honor e gloria, respetos e riquezas? ¡Rexurde, pobo triste, d'ilotas e d'escravos!...

¡Desperta d'o teu sono! ¡Galicia: ten conciencia d'a tua misión, n'o mundo! ¡Remembra ises aldraxes

que téñente, fal sigros, trocada n'a Cincuenta d'a filla desleigada qu'asovallante, crúa, despois de lle ceibares d'os brazos as cadeas...! ¡Contemplo os teus menhieres, teus castros, e teus dolmes!

¡Recorda d'o Medullio as hecatombes feras!... ¿Non sabes canto tempo tardou en domearte co as suas lexións invictas o poderoso César?

¡Esquencíchedes o nome d'o fero Viriato? ¡de Charino e Nodales as tradicións guerreiras? ¡d'as xentes d'a Lanzada os abordaxes duros e d'o Ferrol e a Cruña as valentes defensas...? Recorda, que vencíchedes n'a Ponte de Sam-

payo a carraxen terríbel d'as águilas francesas... Entón, ¿por qué consintes tranquilla e homíldosa as aldraxantes bulras d'os que calar deberan?

¡Desperta d'o teu sono, Galicia triste e nobre! ¡percura, d'as tuas forzas e folgos, ter concencia...!

¡Non chores, nai, non chores com'a cativa parial, recrima os teus dereitos d'aquel que ch'os detenta...!

¡Erguete, nai chorosa, esconsolada, e triste...! Erguete, cal sospechas facer ante estranxeiras e cobizosas hostes; e, amostra os que t'aldraxen, quén eres, caído chegas perder a tua paciencia.

EMILIANO BALAS.

UNHA VERGONZA INTOLERABLE

A ESCOLA INDUSTRIAL DE VIGO

Falán os escolares vigueses e falamos nos

Queremos correspondere o gaboso ofrecimento d'A Nosa Terra. Pro dinantes de meternos n-o dooroso negocio que nos trai a estas columnas, hemos de faguer present'os señores d'este boletín qu'agradecemos profundamente o intrés que por nosco fomarón. Xamáis cavilamos qu'a nosa folga, con tantos brios escomezada e mantida, tivese unha resonancia tan enorme como tivo. Sin dúvidas é minester crer qu'a raza n'está morta e qu'o resurximento deu principio. ¡Hosanna!

Todol-os xornales de Vigo, todol-os de Madri y-un bo anaco d'os de provincias, falan d'a loita que temos entabrada antre cinco mestres insuficientes (dous de Talleres, o de Francés, o de Electricidá y-o de Química y-Eleutroquímica) e TODOL-OS alumnos d'a Escola Industrial. En todos se referiron as causas d'a folga y-os traballos que por trunfar levamos feito. Non imos pois a espoñelas de novo. Xa sabe calquera que deixamos d'ir a total-as crases d'a Escola o 1.º de Nadal porque gastábamol-os cartiños sin porveito; que dimpois mandamos dous compañeiros a Madri qu'o ministro atendeu axiñ'os comisionados, mandando un inspeutor; que este señor deu moi boas pormesas, e que, fiados n-él os alumnos y-es timando qu'o director d'a Escola é o primeiro culpable de cantos aldraxes viñemos sufrindo, volvemos provisionalmente, a total-as crases menos as d'il y-as catro que deixamos ditas.

O que de seguro non sabe moita xente é o abandoo en que nos deixaron os deputados e senadores galegos, pesi-o rebrilante bloque ou xuntanza que din tere formada. ¿Non ten intrés algún pra Galicia sua úneca Escola Industrial? ¿Non merece prós parlamentarios galegos un folgo n-o remoer d'os osos, qu'o centralismo ll'a arroxa, pr'a dicalo a defender un vehículo de cultura, rexeneración e progreso, que Suevia debía levar como dino blasón n-o curuto d'a sua bandeira?

Da vergoña, cai a car'o chan, dicir que soil'o Sr. Labra tomou a cuestión e-un migallo d'amor é qu'os que mais traballaron e traballan, pol-o noso cubizado trunfo, son deputados andaluces, castelanos, cataláns e d'outras rexións, tales com'os señores Gómez Chaix, Castrovido, Ayuso, Vallés y Pujals, e outros mais, pr'os que todo agardcemento e loubanza é pouco.

¡Ai canta verdade din os que fachen a Galicia de horfa y-aldraxada!

Nosoutros, os qu'estamos deixand'a troula perene d'a xuventude pra entrar pol-os muros e incertos túneles d'a vida, non esqueceremos xamáis esa frialdá de picouto nevado, con qu'agora recibiron algunos galegos que gahachosamente se chaman país d'a patria, unhas peticións sin precedente n-os anales d'a hestórea estudiantil, e que feitas por todol-os españoles, habían de levarnos voando o cumio d'a prosperidade.

E cando chegu'a hora de pidir contas, non vacilaremos en botarnos como cans doentes, sóber d'os qu'hoxe supeditan un egoísmo

persoal ós maores intereses d'unha raza. Ollo por ollo, dente por dente.

Pol-os alumnos d'a Escola Industrial

José Pereira

José Martínez

Indalecio Tizón

Baldomero M. Somoza Xermán L. Roca.

Vigo, 28 de xaneiro de 1917.

Xa vichedes como falan istes mozos variles, istes rapaces cheos d'enxebreza cibdadana, istes estudantes exemprares, que mais que gallegos, fillos d'unha póbrega rexión esnaquizada pol-o centralismo que rae na maoria das almas gallegas os derradeiros raigós da dinidade, pra engrilloarnos, fallos de vountade, ó cadáver de Castela que levamos ás costas, perdendo n'iste esforzo a forza pércisa pra xurdir europeamente; xa vichedes—repetimos—como falan os representantes d'unha xuventude, a viguesa, que non semella xuventude de sapos—¡ouh Curros!—posto que leva na frente unha estrela e no peito un cantar de xusta carraxe e rebeldia.

Istes rapaces, feitos bos nas disciplinas do ensino técnico — xermolamento da verdadeira intelectualidade—dixérase, de non sabelo, que son estudantes d'unha escola inglesa loitando n'unha cidade saxona. ¡E son gallegos, moi gallegos; son da Barcelona gallega, de Vigo! Da urbe culta que tantos exempros de vountade pódelle dar a outros pobos da patria.

¡Nobres, valentes alumnos da Escola Industrial de Vigo, peitade sin desalento, que hai espíritos que van no voso xuntanza, seguindo o voso nobre éxodo pol-a xusticia y-o dereito! Si podemos axudarllos, co a pruma e mais que ca pruma, contade con nosco. Apreixemol-o esforzo, estreitemos as fias.

Ben por vos e pol-os vosos país. Sacrificar o miolo y-o peto sen proveito, siria unha parvada. Quen iso desexara; quen iso vos esixise soyo de criminal ou imbécil merecería o nome.

A lus do voso preito, do voso santo preito—que fai pensar en cadeas que se creban—ahumea a poza cheirenta do centralismo, onde ágoas mouras e podres escintilean coma pupila d'un ciclope que domiña y-asoballa a persoalidade gallega, dende cinco séculos.

¡A úneca escola industrial de Galicia, entangarañada non sabemos si pol-a canlización do favor de que falara Urzáiz, ou pol-a ineultitude ó servicio dos amos da Meseta!... ¡A úneca escola industrial de Galicia morta, porque morto está todo aquilo que fica fallo do espíritu da interior satisfacción!

¿E non houbo un soyo deputado gallego que termara de cousa de tanta gravedad? ¿E non houbo un soyo deputado nin senador gallego que puñera seu corazón e seu miolo ó servicio da frol da nosa xuventude intelectual? Cimentade, mozos amigos de Vigo, sóber do alritamento y-a carraxe que istes feitos vergoñosos despertan, o apostolado do nazonalismo galleguista intransixente, fero, agresivo, que enpequeneza ó catalán.

N'esquezaades que a bárbara hexemonía de Castela eternizou, ó longo da Historia, nos libros dos clásicos, en Cervantes, en Lope de Vega, en todol-os documentos antigos, o mesmo que nas obras y-os ditos modernos o aldraxe y-o desprecio pra os gallegos e as gallegas (nosas aboas, nosas nais). N'esquezaades tampouco que os nosos grandes problemas de xeito económico son incompatibles co actual réximen centralista d'España. N'esquezaades que é o momento crítico de axudar ó trunfo do noso rexionalismo nazonalista — negocio material e moral—de maor xeito aínda que o de Cataluña, xa que Galicia pol-a sua natureza, pode vivire sin fronteiras arancelarias, con prena independencia económica e con ausoluta autonomía espiritual, gracias á lingoa, lingoa que falan e empregan trinta millós d'homens no mundo, e que, coma non escrúye a castelana do ensino, fainos superiores o resto dos habitantes da Península. N'esquezaades que no século pasado aínda, chamounos a "Gaceta de Madri", "fillos espúreos da patria española".

Y-aquiles polvos tran istas lamas. Os deputados e senadores gallegos que consinten que unha rexión do xeito da nosa non teña unha soya Escola de peritos agrícolas—semos tributarios da de Valadolí—toleran tamén—que outro remedio lles queda ós cuñeiros gallegos, pois ningún, ningún foi elixido pol-a vountade dos destritos—que a úneca Escola Industrial nosa, porque os seus amos obriganlles a elo, sexa industria de... é verdá, y-escola de... etc. ¡Qué tristura!

Gracias a dous deputados andaluces, Gómez Chaix e Ayuso; a un deputado madrileño, Castrovido, e a un senador catalán, Vallés e Pujals, non estades orfos d'amparo por complot.

¿Hai aínda parvos ou vivos que s'estreban a negarnos que Galicia atópase sen representación nas Cortes?

Os gallegos—din oxe despeitivamente en Madri, coma dixo Cervantes na "Tía finxada"—non son naide. Por iso destituiu ó Goberno ó Rector da Universidad Central xa que os madrileños merecen mais respecto que nos—, e con-motivos maores non destituye ó director da Escola viguesa. A eterna lei do embudo que sufrimos, en todo, por todo e para todo.

Non temos necesidá de detallar o preito dos alumnos de Vigo. Abonda dicir que non foi a sua folga, unha folga pra non estudar, senon pra estudar mais e millor, inda que os servos do caciquismo da Porta do Sol digan outra cousa. Foi unha folga exemprar, como o mostra iste novo xeito admirabile.

No local da "Agrupación Artística" donado xenerosamente pol-a sua Xunta directiva, escomezaron a darse, poñendo en práctica unha gallarda iniciativa dos alumnos rebeldes, as seguintes crases nas que estaban matriculados na Escola: Ampliación de Matemáticas, Electrotécnica, Mecánica, Francés, Química, Xeometría, a cárrego dos mestres d'inos de gabanza, D. Manoel Alonso, D. Xosé Lago, D. Xesús Rodríguez, D. Norberto Velázquez, D. Xosé Díaz Casabuena e D. Vicente Aguado.

¡E inda mais! ¡Fermosa idea! Logo d'istas crases, o périto industrial D. Francisco No-

voa, espricará unha de Prácticas d'instalacións eléctricas, verificación de contadores, etcétera. ¡Enseño que non se daba na Escola repiñetera e que é de moitísima utilidá para as carreiras de péritos mecánicos y-eletricistas!!!

Ben din os estudantes de Vigo: a folga virtualmente soyo eisiste xa pol-a parte do Estado, posto que os folguistas estudian—millor e mais que dinantes—sen deixar de manter acesa a súa lexitima protesta contra dos culpabres de canto vergoñoso vimos sinalando.

Siñor ministro de Fomento: si hai algo mais dino de sere fomentado que o caciquismo; si na súa política hidráulica tan gabada (ouh "Imparcial"!) non entra soyo a posta de primeiras pedras pra canlizare o favor,—política españolísima, da que arrenegamos—

ten que pensar que un pobo culto, inda que sexa gallego non pode estar á devoción d'un home que perdeu a confianza dos que ha tela todo mestre: dos seus discipalos.

¿Xa houbo silbidos? Boeno; pois decátadebos, rapaces vigueses, de que na costancia, na vountade, na fe e na consciencia, están as forzas que sempre trunfan cando loitan, com'a espada, nuas, postas ó servico do corazón. ¡Non desalentedes! ¡Por Galicia!... ¡Pol-o bon nome de Vigo gallego! Unha apreta forte, garfmosa, d'hirmáns, y-un soyo berro: ¡adiante! Ben está que amostredes que nas vosas veas ferve o sangue dos celtas. Ben está que fagades avergoñar ós capados.

Ademirabres mozos que ó ¡vivan as caeas! d'un beocio opoñedes ista nobre e sacra frase: ¡queremos aprender!

¿Por qué non buscades a solidaridá dos compañeiros d'Universidá, Istituto, Escolas de Comercio, etc? Inda que non vayan á folga, poden axubarbos, con mensaxes ou cousas de semellante xeito.

¡Escolares da capital intelectual de Galicia, da culta Compostela! ¿non vos rae a y-alma vere como loitan por un xeito d'outa xusticia, acugulados d'espírito cibdadán os alumnos da Escola Industrial de Vigo que soyo pra que sexa groriosa fállalle que dimita Piñera?

¡Lástima, tristura, mais que carraxe, nos dan os xornales da terra que falan contra dos estudantes vigueses! Son os servos do eunerismo que amostran craramente que fai falla un gran xournal galleguista na nosa patria.

POSTALES GALLEGAS

UNHA VISIÓN DE LEXANIA

MACHAQUITO

*Un haz de fuertes músculos. La mirada
[atrevida.
Altivo con los hombres, mimoso y suplicante
con las hembras hermosas, y del toro delante
despreciador sereno—como un Cid de la
[vida.
Cuando cruza la plaza con la capa ceñida
a su talle cenceño—varonil y arrogante—
dijérase que acude a una cita galante
largo tiempo soñada y al cabo conseguida.
Mas, después que se arroja temerario y cer-
[tero,
para hundir, hasta el puño, el mortífero
[acero,
y el noble toro dobla, y ardiente sangre baña
el arenal del circo, que al sol ararillea.
—mientras ruge el aplauso—parece que pa-
[sea
sobre un jirón deshecho del pabellón de Es-
[pañá.*

ANTONIO REY SOTO

SONO DOURADO

*As traicións y-ás inxurias xordo e cego,
sobre total-as cousas d este mundo
arrolar meu amor, nobre e profundo,
á redención do escravo chán gallego
E si un día felís contr-a inxusticia
nos agros celtas o cramor se escoita,
ser dos primeiros en abril-a loita
baixo a santa bandeira de Galicia.
Seguil-a sempre, y-ou laval-o ultraxe
d-ese feudal, sangrento vasallaxe
que lle impón contra lei, a hirmán Castela,
au no aberto combate malferido,
ó pé d'un valo vello e frorecido,
unha mañán de sol morrer por Ela!*

RAMÓN CABANILLAS

Pasaron os anos, moitos felismente. Os dous poetas morreron. Nas datas seguintes á súa morte, publicaron os xornales, gabanzas garfmosas abondo para entrambos. Houbo nos primeiros momentos, quizais, mais loubas estensas—que non intensas e cordiás—pra o cantor castelán.

Unha tumba n'Ourense. Outra tumba en Cambados. O tempo seguiu correndo, fuxindo. Tral-as veladas necrolóxicas que houbera ó finárense os dous poetas, tral-o murcho das froles recedentes, con pingotiñas de bágoas, da delorosa actualidá, veu o esquecemento a facer súa labore, coma de cote.

A posteridade é superposición de minorías. No seo das minorías da nosa raza, chantouse pra in eternum a lembranza aada, sinxela, conqueridora, do outo poeta, verbo natural dos seus afás, das suas cobizas, dos seus sentimentos. No miolo dos filólogos, tamén fixéronse por necesidade d'estudio, coma siñales d'un instante hestórico-literario, os versos gallegos do aceso cantor gallego, o mesmo que se fixaron nas antoloxías preto de Curros, de Pondal, de Lamas, da inmensa Rosalía.

Hai diferenca entre vate e poeta. Y-aquil foi un vate—o noso vate da hora heroica, o noso vate novecentista—y-o outro soyo deveu poeta. Poeta castelán d'unha época esvaida, de tanteo, d'afrancesamento, sen persoalidade, na que todos s'asemellaron, na que non eisisteu unha cume que se ollase dende o pobo, dende mais alá das capilliñas literarias. Y-a iste poeta, que xa en vida non lle quixeron dar belixerancia os monopolizadores da fama centralista — inxustamente, por certo—, ós poucos anos da súa morte ficou esquecido pra sempre. Xamais ningún esquirtor de Castela puxera seu nome a rentes dos de J. R. Ximénez, Mesa, os Machado, Villaespesa, Ardavin, etc.

...Pasaron moitos anos. O vate que dixó:

*Quero na lousa que me dé sosego
esta palabra que ten luz, Gallego
y esta palabra que ten ás, Poeta,*

inda siguiu vivindo no corazón da súa patria e recollendo d'ela homenaxes. O cantor de Castelar, de Goya, de Machaquito, o que rindeu culto a Castela en versos casteláns—contraste co esprito dos "Cantares" de Rosalía, evanxelio d'unha raza—foi esquecido en Galicia y-en Castela.

Dende o outro mundo

*Chegou hastra meu mausoleo, hastra o ca-
daleito que garda as miñas cinzas un feixiño
de froles, frangullas d'un xantar composte-
lán, no que se aldaxou o meu verbe. ¿De
quén eran aquías froles? Diréivolo en caste-
lán, porquè non quero lixugal-o gallego con
cousas cativas. Pois d'un home—son as suas
palabras—"humilde calandria—tal se cha-
mou no xantar onde tivo a mala ocorrencia
de se lembrare de min—que non podía ha-
blar después de haberse cernido en el azul
del firmamento, el águila caudal Sr. Viguri".
D'un home que pideu, seguidamente, se lle
deixara escribir—¡que escriba, que escriba!
—en castelán e non coma outros que pensan
en "señorito" e escriben en gallego. D'un ho-
me que aldaxa n'unha comedia ós probes
emigrantes que se fixeron homes lonxe da
terra, pol-o seu esforzo, chamándolles fan-
farrós e vanos porque donan reloxes para
as irexas, coma se non huberan donado tamén
os seus cartos, sempre que se lles pidi-
ron, pra enxugar bágoas de disgracia; coma
se non fixeran escolas pra redimire do anal-
fabetismo ós seus fillos, ós fillos da súa pa-
tria... E ises "ridculos nababs", honor da
raza, son mais útiles á Galicia ¡meu prólogo
de "Follas novas"! que os señoritos vanos,
madeira de caciques, que fan da política un-
ha carreira e da Babilonia madrileña un fin.
Os "señoritos" que escriben en gallego—
n'el fixen as áas da miña inmortalidá—son os
altruistas, os que queren facer d'un pobo
d'escravos e d'androxinós, un pobo de seño-
res; os que queren redimirse pra redimir os
mais, deixando de pensare en señoritos...
¡Ouh viudas dos vivos, estou na vosa dolore!*

O ruisñol gallego

ROSALÍA CASTRO

“O xugo castelán fáisenos sentir oxe mais que nunca, xa que se nos trata coma un pobo vencido. A calquera que garde un soyo lixeiro sentimento de dinidá e d'independenza, poñeránselle rubas as meixelas de carraxe, ollando o trato que se nos da.

O sino d'escravo era qu'iste tivese que falar a lingua do amo, e nos estamos asiñala-

CADRO BRANCO

Un serán tristeiro y unha leda albora-da. Finouse un mûseco grorioso e nûceu unha colectividá musical que pode ser froitífera para a nosa mûseca.

Xa gabamos dinantes d'agora á nova "Filarmonía Cruñesa". Inda non fixera o seu debut. Inda era máis unha esperanza que unha realidade.

Pro, dende que debutou—fai poucas datas—con éxito grande, conquerindo un triunfo verdadeiro, é obriga de todos os vos gallegos votar as campás a vo.

¿Non tiñamos compositores por fallar d'executantes? Ben poidera sere. E se fose eisi, agora, pro n'adiante, todos os vos mûsecos que haxa na nosa terra poderán facer obras, cuidando que alcotrarán unha gran colectividade que l'as estrene. ¿Soñemos con impoñer ó mundo a mûseca gallega "cultá"?

A orquesta filarmónica cruñesa, e unha orquesta que axiña—si os entusiastas elementos que a compoñen teñen forza de vountade—chegará a moi lonxe polo camiño do arte. Escomentou triunfalmente Galicia, gracias ó fato de rapaces obedentes a batuta do gran mestre Berea, acaba de ter un transcendente xeito europeo. Adiante.

dos con iste estigma. Nosa lingua ende xamais foi lingoa morta, pois inda que por longo tempo háxanna esquecido os sabios e os literatos, conservouna viva o pobo, que falouna sempre. E pesi-a isto, temos d'empregar outra en todo-o oficial. Mándasenos xuzgásenos e dásenos o ensino na lingua dos vencedores. Ate cando a autoridade, o xuez ou o mestre son nados eiquí, non poden exercere as suas funcións, senon facendo uso do castelán. A imposición do linguaxe e unha continua lembranza da nosa escravitude. E o que sinala máis duramente a distancia que hai entr'os que mandan y-os que obedecen. A lingua e o distintivo dos que se crén de raza superior: á inferior lle non queda outro remedio que baixar a testa e lamber, ademais, a man que se dina arrearlle."

Isto escribiu Almirall fai trinta anos, cando a opinión de Cataluña hachábase tan morta coma oxe a gallega.

E Prat da Riba di na sua obra "A Nacionalidade catalana" que, cando Verdaguer publicaba en catalán "A atlántida", coidaban as familias homildes de seu pobo, coma un aldraxe, coma unha ofensa, que se lles dirixisen cartas en catalán.

¿E un artigolista en "Vida Gallega" estrévese a escribire que Cataluña non debe á lingua, da que fixo sua primeira esencialidade sustantiva, ó xurdimento da conciencia histórica colectiva que agora ten! ¿Cantó slabusa dos leutores parvos! Vaites, vaites...

PENEIRANDO...

Asistiu ó estreno, na Cruña, de "Muros de oro", Alfonso Cela (Celita).

"Celita" veu de propósito pra darlle releve a aquila solenidade.

Si "Muros de oro" fose unha comedia gallega quizais non teriamos por acó ó toureiro de Lán cara.

Agora que anda en preito, pra algúns, o enxebriismo, pódese ver craro.

¿Ouh P. Sarmiento que sentiaste ledo, acugulado de entusiasmo, porque na nosa terra non tiñamos a lacra do flamenquismo!

Rodrigo Sanz, senon de feito, pol-os feitos é úneco e verdadeiro deputado gallego que temos en Madri. (Lembrémonos dos seus traballes sóbor do ferrocarril da costa, sóbor de muitos probremas vitás pra Galicia, da sua notabre conferencia do lús derradeiro.)

Rodrigo Sanz, ferrolano, non será, con todo, elixido representante nas Cortes, do seu pobo.

¿Serayo Barcón, que ainda sen mais que chamarse Barcón, pol-o menos ten natureza gallega?

Probablemente caerá en riba do Ferrol un cunheiro do 29 calquera.

Tamén isto alumea o preito do enxebriismo.

Un artigolista — esquecénsenos o nome — no derradeiro número de "Vida Gallega", di que a nosa patria non é unha nazonalidade.

¿Ai hó! Entón háchanse trabucados todos os pensadores gallegos, Mella inclusive.

Si Galicia, con idioma propio, con costumes de seu, con liñas étnicas e xeográficas, ben fixadas; con hestoria groriosa, con institucións xuridicas autótonas, con probremas económicos "únecos" non é unha nazonalidade asoballada, qué son as nazonalidades?

¿Istes enxebres da nova fornada!



**NOVAS
DA
CAUSA**

O domingo, 28 de xaneiro, a Xuventude Antoniana da Cruña fixo unha brillante festa chea d'enxebreza, que é merecente da nosa gabanza.

N'ela estrenouse un drama gallego, representándose ademais duas obriñas escritas tamén na nosa fala, e cantándose algunhas pezas de mûseca rexional.

En Noya, estrenouse igoalmente, fai poucos días, outra obriña teatral gallega.

Na Ponte de Mera, organizase tamén unha festa na que se representará un drama de Lagris.

Inda hai gallegos que non son desleigados.

O 31 do mes pasado deu unha notabre conferencia na Academia Gallega, o estudante de Dereito, presidente da Xuventude republicana de Santiago, Manuel María González.

Presentouno con verbas moi elocuentes, Lois Peña Novo, abogado cultísimo, verda-

CADRO MOURO

Finouse na Habana o mestre Chané. Coidase que os seus restos sexan mandados á Cruña pol-o Centro Gallego da Habana, pra que eiquí teñan acougo, preto dos do seu gran hirmán espiritual Curros Enríquez.

O Clavé gallego é merecente d'un homeaxe. El fixo moito pol-a nosa mûseca inda cuáseque en xérmen, pesi-a riqueza de cancións populares que temos. O autor da "Foliada" non pode ser esquecido. Era un dos nosos compatriotas de maor inspiración, d'inspiración máis enxebre. Pra atopare pan para o seus fillos tivo que emigrar a Cuba, onde adoitado salayaba por Galicia. Acompañou á sua terra o cadáver de Curros. Preto un do outro teñen que dormire o eterno soño. Non debe seguir no desterro inda de morto. Chané ofrendou todos os tesouros da sua alma d'artista no altar da patria. Na patria en que pensou sempre. Na patria na que arelaba dare o derradeiro layo.

¿Pobre mestre, que non poido vivir onde desexaba vivire nin morrer onde morrer quixera!... ¿Pobre artista que levou os airiños da nosa terra en triunfo por Castela, por Cataluña e por América!

deiro leader da xente moza da nosa causa.

Manuel María, escritor, orador e poeta, fixo unha improvisación brillante.

D. Manuel Lagris deu outra conferencia sóbor do teatro gallego o derradeiro día 3.

En Lugo vénsese organizando un grupo d'"Amigos da Fala".

¿Cómo en Ribadeo, Mondoñedo e Viveiro, pobos importantes d'aquela provincia non se sigue o bon exemplo dos da capital e dos de Villalba e Muras?

Mondoñedo, n'especial, pol-a sua tradición, pol-a sua hestoria, teñ que vir ó noso camiño, que é o da redención gallega.

O presidente da Lliga Rexionalista de Cataluña, Sr. Abadal, dirixeu nos un garimoso telegrama de saúdo.

A "Veu de Catalunya" y-o "Debate" de Madri, publicaron detalladas reseñas do mitin que fixemos en Lugo.

Recibimos moitas sinificadas felicitacións.

Hirmáns da Fala na Cruña: o próximo día sete acudide á xuntanza xeneral que terá efecto, no local onde estivo primeiramente o "Ideal Room" e logo o "Circo Cruñés".

Faráse as oito da noite. Trataráanse cousas de fondo intrés. ¡Acudide todos!

Fábrica de biselar grabar e decorar cristal

Espellos de Venecia e de Tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.—Vidros impresos e de total-as cras.—Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

RUA DE PANADEIRAS, 23.—A CRUÑA

La Coruña: Imp. de LA VOZ DE GALICIA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)

MALAGA

Cosecheiros, esportadores de viños seletos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas.

ANÍS DOUS MONOS
RON LA LUCÍE
OXÉN SUPERFINO

Pra encargos, na Cruña, rua do Orzán, núm. 144



Compagnie Generale Transatlantique

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

Para á Habana, Veracruz, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consinatarlo D. Nicandro Fariña.

Rúa de Compostela, esquina a praza de LUGO.

NOTAS.—Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare á bordo.

BOLETO PRA SUSCRIBIRSE

D.

domiciliado en

suscribese por

a A NOSA TERRA.

Firma do interesado:

(As suscribiós de fora da Cruña teñen que se facer por trimes-
tre, semestre ou ano.)

LIBREIRIA DE CARRÉ E ALDAO

Neste establecemento atópanse libros e revistas moi curiosos, antigos e modernos. Cambéanse e mércanse obras.

Rúa da Barreira, esquina a rua estreita de San Anudrés.

O SALÓN PARÍS

Neste elegante e moderno cine de moda na Cruña, véñse as milloras xoyas do arte cinematográfico.

O que o visita unha vez faise concorrente a cotío.

Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDA MODELO

ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 40 millóns de pesetas d'aforro
en 12 anos.

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da Rúa Real.

M. MIGUEL

Afinador e compoñedor de Pianos.

Avisos: Real, 48.—CRUNA.

VIÑOS

BRANCOS E TINTOS

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

"Rioxa Ollauri" especial pra familias
botella sin casco 0'55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA

Hotel Continental.

CONTOS GALLEGOS

— DE —

Asieumedre

Pol-a cativa cantidá de dous réas podeades ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.º EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da "Voz de Galicia" con xulcios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet Fontenla, Calvo, Xil Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 CENTIMOS.—Os pedidos fanse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.—CRUNA. Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.